


Libros para posobrigatoria



Todo canto fomos é unha novela que percorre máis de un século de historia galega para devolvernollos o relato dun pasado que segue alentando no presente



Aqueles días en que eramos malas é unha novela áxil e emocionante que transita entre a traxedia e a comedia. O cárcere como un mundo descoñecido, situado nas marxes da sociedade e da vida, no que existen vítimas, verdugos e, sobre todo, historias vitais fascinantes

Non hai nada no mundo, nada
tan fondo, lúcido e fermoso
como a nidia claridade
da palabra.

Ouh: a palabra!


Máxico paxaro deslumbrado,
floración da vida,
sangue caudal e luminoso,
marabillosa lembranza

do tempo feliz do paraíso,
certísima memoria do futuro.

Un ama até os límites
o impenetrábel misterio
do silencio

e, para defendelo, usa
a forza poderosa da palabra.

Os lonxos do solpor (2012)



No Nadal agasalla aos que queres con libro galego




Porque...
Quen ben te quere,
farache ler.



Equipo de Normalización
Lingüística e Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo

Libros para o 1º ciclo da ESO



A familia de Breogán Bouza sofre as consecuencias dunha crise económica que os obriga a emigrar. Porén, a súa emigración será cara atrás na liña temporal, indo a parar a un lugar chamado Auria, que vive nunha bonanza económica.

Da man do avó Valente, Ariadna abre os ollos a un mundo que é por última vez e a unha maneira de camiñar pola vida que durará sempre. Un relato moi fermoso que describe de que estamos feitos, como se conforma a propia vida e onde, con quen, ou como ordenamos prioridades.

Premio Merlín de literatura infantil 2016



O 21 de maio de 1884 Jules Verne chegou a Vigo a bordo do seu imponente iate. O afamado novelista levaba moito tempo atrás da pista das misteriosas mulleres planta. Lograría por fin, logo de tantos anos de busca, atopalas naquela baía?

Premio Lazarillo de creación literaria 2015




Libros para o 2º ciclo da ESO

Ánxela repite 1º de Bacharelato obrigada polos seus pais. A súa vida sofre un cambio rotundo cando María seduce para integrala nos Murnios, un grupo de hábitos diferentes ao resto de compañeiros e compañeiras.

Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2016



O camiño da Estadea é a aventura final de Sheila e Said, culminando a serie futurista de temática ecolóxica iniciada hai dúas décadas con *Perigo vexetal*, unha saga que xa ten catro entregas anteriores publicadas na colección Merlín de Xerais.



Os radiadores e a calefacción quantaron os corpos e arrefriaron os corazóns... Claro que os lobos seguen a existir. Non son tan doados de ver e ocúltanse no monte, baixan silandeiros en forma de sombras, ruidos, bicos traizoeiros, treboadas, badaladas...